



ANEXO I

SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO

Don/a _____ con DNI nº _____ e
domicilio en _____ (RIVEIRA), *teléfono* _____

EXPOÑO:

- 1.- Que teño o meu domicilio e estou empadroado no Concello de Riveira.
- 2.- Que estou cualificado polo Equipo de Valoración de Minusvalías con un _____ %, na cidade de A Coruña con data _____ é polo que,

SOLICITO:

Que se leven a cabo as xestións precisas para a expedición da tarxeta de estacionamento para minusválidos a meu favor, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Riveira, _____ de _____ de 20_____

- Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Riveira

Documentación a presentar coa solicitude

1. Unha solicitude debidamente cumprimentada, en impreso normalizado que será facilitado no departamento de servizos sociais do Concello, según modelo que se achega como anexo 1.
2. DNI do solicitante (fotocopia) e/ou persoa que o represente.
3. Certificado de minsualía expedido polo equipo de valoración da Xunta de Galicia, ou polos equipos autorizados en outras CC.AA.; se en este no constase a valoración da imposibilidade ou dificultade do seu titular para o uso de transporte público, dito certificado será emitido ao EVO para a súa oportuna estimación.
4. Certificado de empadramento.
5. Dúas fotografías tamaño carnet
6. Permiso de conducir (fotocopia), ben do minusválido, no caso d que sexa éste o condutor do vehículo ou ben da persoa que o transporte habitualmente.
7. Declaración xurada do condutor habitual do vehículo alegando dita condición, no suposto de que non sexa o propio minusválido.
8. Fotocopia do permiso de circulación do vehículo.
9. Fotocopia do xustificante de pago, do último recibo do imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica.

NORMAS DE UTILIZACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO

Indicacións para a correcta utilización da tarxeta.

1. A tarxeta é persoal e intransferible e da dereito á utilización das correspondentes prazas de estacionamento destinadas para o uso exclusivo das persoas con minusvalía, en calquera lugar da Comunidade Autónoma, salvo que se trate dunha tarxeta provisional concedida polo concello de Riveira, neste caso só se poderá usar no concello de Riveira.
2. A tarxeta utilizarase tan só para o desprazamento da persoa interesada (no caso de que non sexa o condutor habitual). Despois de deixar á persoa titular da tarxeta deberase abandonar a praza de estacionamento para o seu uso por outras persoas que se atopen nas mesmas condicións de mobilidade e non deixar estacionado o vehículo na praza de estacionamento reservada durante varios días.
3. A tarxeta unha vez asinada polo titular, deberá plastificarse, e cando se utilice deberá poñerse na parte dianteira do vehículo, de xeito que sexa visible para o seu control.
4. No caso de que se detecte o uso indebido da tarxeta de estacionamento de xeito reiterado e debidamente probado, con independencia da sanción pecuniaria que no seu caso puidese recaer no procedemento sancionador incoado para tal efecto, dita tarxeta será retirada polo órgano que a outorgou.

Caducidade das tarxetas.

1. Período de validez desta tarxeta (TARXETA DE ESTACIONAMENTO VALIDEZ U.E), está vinculado ó período de validez do certificado de minusvalía emitido por o EVO; si este certificado fose definitivo ou permanente a tarxeta caducará ós 10 anos da concesión, e no caso de que este sexa provisional (TARXETA LOCAL) caducará cando transcorra o prazo que este indica, MAXIMO 6 MESES.
2. Un mes antes de que caduque a tarxeta o titular deberá solicitar unha nova, tendo a obriga de entregar a anterior no momento de recibir a tarxeta actualizada. Para a renovación deberase seguir o mesmo procedemento que para o outorgamento da tarxeta inicial.
3. Concello terá dereito a controlar que as condicións que deron orixe á expedición da tarxeta continúan vixentes, polo que o departamento de servizos sociais poderán requirir ós titulares en calquera momento para que acheguen probas actualizadas de ditas condicións.
4. Calquera variación das condicións que deron orixe á expedición da tarxeta deberá ser comunicada ós servizos sociais municipais, no prazo mínimo e improrrogable de 1 mes, de non ser así o Concello poderá anular a súa vixencia.
5. No caso de caducidade, renovación, retirada ou falecemento a tarxeta deberase devolver ao Departamento de Servizos Sociais no prazo máximo de 1 mes.